

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE FEBREIRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos</p>
---	--

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día once de febreiro do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas as actas da Xunta de Goberno Local das sesións ordinarias celebradas nas datas 28/01/2021 e 04/02/2021.

II.- CONTRATACIÓN.

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE
"PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE AXEITOS (OLEIROS)".**

Expediente: 2020/C_ OB000002

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de "PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE AXEITOS (OLEIROS)".

O investimento foi incluído no "Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018", aprobado polo Pleno da



Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

A presidencia da Excma. Deputación Provincial da Coruña mediante resolución número 30453/2018 do 12/09/2018 considerou definitivamente aprobada a primeira fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, dentro da que se inclúe este investimento, segundo Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 19/09/2018, co número 13.492.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2017, cun orzamento total de licitación de 103.631,90 euros (orzamento base: 85.646,20 euros; IVE 21%: 17.985,70 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 11/12/2017.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento, que inclúe informe relativo á supervisión técnica do proxecto, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 11/12/2017.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.
- 5.- Memoria económica da alcaldía sobre inversión financeiramente sostible asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 18/12/2017.
- 6.- Informe da intervención específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 11/12/2017.
- 7.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 15/12/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 8.- Informe relativo a supervisión do proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/02/2020.
- 9.- Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/02/2020.
- 10.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/02/2020.
- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/10/2020 e conformada polo alcalde



FIRMANTE - FECHA



Manuel Ruiz Rivas na mesma data.

- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/10/2020 (número de operación 2020 22021376), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61984.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 27/02/2020.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 27/11/2020, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 207, da data 03/12/2020, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 04/02/2021.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 05/02/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 08/02/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de "PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE AXEITOS (OLEIROS)", segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2017, cun orzamento total de licitación de 103.631,90 euros (orzamento base: 85.646,20 euros; IVE 21%: 17.985,70 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 94.210,82 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 04/02/2021.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61984.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).



III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/02/2021 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Beirarrúas e auga potable en Rua Luis Pimentel (Aguiño)””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/02/2021 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Pavimentación e pluviais en Atalaya (Corrubedo)””**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/02/2021 **“Decreto: Adxudicación do contrato do “Complementario de renovación da liña de saneamento e reposición dos pavimentos da Rúa Delicias e da Rúa Dunas (Corrubedo)””**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - LASS DESVAN COCKTAILS SLU.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Instalación de terraza para local de hostalaría, cociña, grella, aseos e instalación de escenario de 15 m² fóra do pechamento estable.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 1013601NH0111S0001TE.

SITUACIÓN: Rúa Manzanares nº 27, Ribeira.

PROMOTOR/A: LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476).

INTERESADO/A DENUNCIANTE: Sra. Josefa Martínez Gude.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Memoria descriptiva para instalación de carpa de setembro de 2020 Medición de ruído ambiental efectuado por Galaicontrol / Memoria descriptiva para instalación de carpa de asinado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín o 3 de novembro de 2020 / Memoria descriptiva para instalación de carpa de asinado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín o 16 de novembro de 2020 / Memoria descriptiva para instalación de carpa presentado o día 7 de decembro de 2020, (rexistrado de entrada nº 16.680).



Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o escrito presentado pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), rexistrado de entrada o día 18 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 11.800), mediante o que se presenta cambio titularidade de licenza de CAFÉ-BAR de local sito na Rúa Manzanares nº 26-28, Ribeira, en parcela con refª catstral nº 0912511NH0111S0010EO, concedido por decreto de alcaldía o día 17 de decembro de 2001.

SEGUNDO.- Visto o escrito presentado pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), rexistrado de entrada o día 18 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 11.800), mediante o que solicita licenza para instalación de terraza, (carpa), en terreo privado sito na Rúa Manzanares nº 27, Ribeira en parcela con refª catastral nº 1013601NH0111S0001TE.

TERCEIRO.- Visto o requerimento de subsanación de documentación emitido polo Concello de Ribeira con acuse nº 004400/000001.

CUARTO.- Visto o novo escrito presentado pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), rexistrado de entrada o día 25 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 12.261), mediante o que presenta para adxuntar ao expediente Memoria descriptiva de setembro de 2020 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

QUINTO.- Vistas as denuncias presentada pola Sra Josefa Martínez Gude en escritos rexistrados de entrada os días 9 e 15 de outubro de 2020, (Rexistro de entrada nº 11.236 e 13.459 respectivamente).

SEXTO.- Visto o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia ambiental emite informe con sinatura dixital favorable o día 16 de outubro de 2020 e que se transcribe:

“
(...)

INFORME DO SERVIZO TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE

Asunto:	SOLICITUDE DE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA PARA LOCAL DE HOSTALERÍA
Expediente:	2020LIC-000055
Promotor:	LASS DESVÁN COCKTAILS S.L.U. (B70603436)
Localización:	RÚA MANZANARES, NÚM. 27, RIBEIRA
Ref. catastral:	1013601NH0111S0001TE

1. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Documentación obrante no expediente de referencia 2020LIC-000055.

2. ALCANCE DO INFORME



O presente informe redáctase co obxecto de revisar a posible incidencia ambiental da actividade e, de ser o caso, establecer as condicións de funcionamento para minimizar molestias á veciñanza.

3. ACTIVIDADE A DESENVOLVER

Terraza de 13 mesas cunha ocupación de 324 m², en terreo de titularidade privada, cuberta cunha carpa desmontable, vinculada a unha actividade de hostalería localizada nas proximidades.

4. PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Na documentación achegada non se indican medidas de protección contra a contaminación acústica, nin se a actividade vai contar con emisores acústicos.

Establece o artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

Establece o artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

Os valores límite de inmisión de ruído aplicables a actividades son os seguintes:

Tabla B1. Valores límite de inmisión de ruido aplicables a infraestructuras portuarias y a actividades

Tipo de área acústica	Índices de ruido		
	L _{K,d}	L _{K,e}	L _{K,n}
e Sectores del territorio con predominio de suelo de uso sanitario, docente y cultural que requiera una especial protección contra la contaminación acústica.	50	50	40
a Sectores del territorio con predominio de suelo de uso residencial.	55	55	45
d Sectores del territorio con predominio de suelo de uso terciario distinto del contemplado en c.	60	60	50
c Sectores del territorio con predominio de suelo de uso recreativo y de espectáculos.	63	63	53
b Sectores del territorio con predominio de suelo de uso industrial.	65	65	55

As terrazas en xeral, ao non contar con illamento acústico, non poderían dispor de emisores acústicos que, xunto ao ruído ambiental, contribúan a superar os valores indicados. Neste caso, preveuse a instalación dunha carpa, se ben o illamento que pode proporcionar ese elemento non resulta significativo no que se refire á evitación de ruidos.

En calquera caso, a normativa autonómica prevé, excepcionalmente, que se poidan suspender os obxectivos de calidade acústica. O procedemento ben regulado no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que, ao referirse á suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, establece o seguinte: “(...) 2. As persoas titulares de emisores acústicos poderán solicitar ao concello correspondente a suspensión provisional do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica aplicables á totalidade ou a parte dunha área acústica, achegando coa devandita solicitude un estudo acústico no cal deberá acreditar a razón ou as razóns que xustificarian a suspensión así como a imposibilidade de cumprir os devanditos obxectivos aplicando as mellores técnicas dispoñibles, aspecto que deberá ser valorado expresamente na resolución municipal que recaia. A dita resolución determinará o ámbito, prazo e limitacións horarias da suspensión, así como as medidas correctoras e os límites máximos de emisión aplicables. Só se poderá acordar a suspensión provisional no caso de que quede acreditado que as mellores técnicas dispoñibles non permiten o cumprimento dos obxectivos cuxa suspensión se pretende. (...)”

5. EMISIÓN DE FUMES POR USO DE GRELLAS EN AMBIENTE EXTERIOR



Na documentación examinada non se recolle expresamente a instalación de grella para elaboración de alimentos.

Porén, ao respecto da súa posible instalación, e co fin de evitar molestias á veciñanza, cómpre salientar o seguinte:

- De conformidade co previsto no artigo 97 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM): "Toda clase de instalacións, saídas de fumes, chemineas, conduciós, desaugues, maquinaria, etc., realizaranse en forma que garantan, tanto á veciñanza como aos viandantes, a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, ruidos, etc.

Cumprirán a correspondente Normativa Sectorial."

- No caso de que se opte pola instalación de cheminea para a evacuación de produtos da combustión, para o que se deberá efectuar o trámite administrativo correspondente (comunicación de obra menor / licenza de obra), estarase ao disposto na norma UNE 123001, que establece os criterios de cálculo, deseño e instalación de chemineas modulares para evacuación de produtos da combustión.

O Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga (sinatura dixital)

(...)
“

SÉTIMO.- Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia urbanística emite informe con sinatura dixital desfavorable o día 20 de outubro de 2020.

OITAVO.- Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da corporación Sr. Juan Manuel Salguero del Valle con sinatura dixital desfavorable o día 20 de outubro de 2020 e que se transcribe:

“
(...)

<p>CONCELLO DE RIBEIRA INFORME XURÍDICO EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE TERRAZA. CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano. REFª CATASTRAL: 1013601NH0111S0001TE. SITUACIÓN: Rúa Manzanares nº 27, Ribeira. PROMOTOR/A: LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476). DENUNCIANTE: Sra. Josefa Martínez Gude.</p>

En cumprimento do establecido nos artigos 172 a 179 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, co obxecto de concluír de xeito regrado ao igual que do acto administrativo de cuxa configuración se trata sobre a legalidade do solicitado así como do cumprimento dos trámites procedimentais establecidos a tal efecto, atendendo á normativa de aplicación vixente á data da emisión do presente informe, salvo que a resolución do procedemento resulte extemporánea en cuxo caso se remitirá á normativa vixente no momento da solicitude do interesado, emítese con carácter preceptivo e non vinculante o presente informe xurídico:

ANTECEDENTES DE FEITO

VISTA a solicitude presentada pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), para instalación de terraza en terreo privado presentado en escrito rexistrado de entrada o día 18 de setembro de 2020, (Rex. nº11.800).

VISTO o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia ambiental emite informe con sinatura dixital favorable o día 16 de outubro de 2020 e que se transcribe:



“
(...)”

INFORME DO SERVIZO TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	
Asunto:	SOLICITUDE DE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA PARA LOCAL DE HOSTALERÍA
Expediente:	2020LIC-000055
Promotor:	LASS DESVÁN COCKTAILS S.L.U. (B70603436)
Localización:	RÚA MANZANARES, NÚM. 27, RIBEIRA
Ref. catastral:	1013601NH0111S0001TE

1. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Documentación obrante no expediente de referencia 2020LIC-000055.

2. ALCANCE DO INFORME

O presente informe redáctase co obxecto de revisar a posible incidencia ambiental da actividade e, de ser o caso, establecer as condicións de funcionamento para minimizar molestias á veciñanza.

3. ACTIVIDADE A DESENVOLVER

Terraza de 13 mesas cunha ocupación de 324 m², en terreo de titularidade privada, cuberta cunha carpa desmontable, vinculada a unha actividade de hostalería localizada nas proximidades.

4. PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Na documentación achegada non se indican medidas de protección contra a contaminación acústica, nin se a actividade vai contar con emisores acústicos.

Establece o artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

Establece o artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

Os valores límite de inmisión de ruído aplicables a actividades son os seguintes:

Tipo de área acústica	Índices de ruído		
	L _{K,d}	L _{K,e}	L _{K,n}
e Sectores del territorio con predominio de suelo de uso sanitario, docente y cultural que requiera una especial protección contra la contaminación acústica.	50	50	40
a Sectores del territorio con predominio de suelo de uso residencial.	55	55	45
d Sectores del territorio con predominio de suelo de uso terciario distinto del contemplado en c.	60	60	50
c Sectores del territorio con predominio de suelo de uso recreativo y de espectáculos.	63	63	53
b Sectores del territorio con predominio de suelo de uso industrial.	65	65	55



As terrazas en xeral, ao non contar con illamento acústico, non poderían dispor de emisores acústicos que, xunto ao ruído ambiental, contribúan a superar os valores indicados. Neste caso, preveuse a instalación dunha carpa, se ben o illamento que pode proporcionar ese elemento non resulta significativo no que se refire á evitación de ruidos.

En calquera caso, a normativa autonómica prevé, excepcionalmente, que se poidan suspender os obxectivos de calidade acústica. O procedemento ben regulado no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que, ao referirse á suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, establece o seguinte: "(...) 2. As persoas titulares de emisores acústicos poderán solicitar ao concello correspondente a suspensión provisional do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica aplicables á totalidade ou a parte dunha área acústica, achegando coa devandita solicitude un estudo acústico no cal deberá acreditar a razón ou as razóns que xustificarian a suspensión así como a imposibilidade de cumprir os devanditos obxectivos aplicando as mellores técnicas dispoñibles, aspecto que deberá ser valorado expresamente na resolución municipal que recaia. A dita resolución determinará o ámbito, prazo e limitacións horarias da suspensión, así como as medidas correctoras e os límites máximos de emisión aplicables. Só se poderá acordar a suspensión provisional no caso de que quede acreditado que as mellores técnicas dispoñibles non permiten o cumprimento dos obxectivos cuxa suspensión se pretende. (...)"

5. EMISIÓN DE FUMES POR USO DE GRELLAS EN AMBIENTE EXTERIOR

Na documentación examinada non se recolle expresamente a instalación de grella para elaboración de alimentos.

Porén, ao respecto da súa posible instalación, e co fin de evitar molestias á veciñanza, cómpre salientar o seguinte:

- De conformidade co previsto no artigo 97 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM): "Toda clase de instalacións, saídas de fumes, chemineas, conducións, desaugues, maquinaria, etc., realizaranse en forma que garantan, tanto á veciñanza como aos viandantes, a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, ruidos, etc.

Cumprirán a correspondente Normativa Sectorial."

- No caso de que se opte pola instalación de cheminea para a evacuación de produtos da combustión, para o que se deberá efectuar o trámite administrativo correspondente (comunicación de obra menor / licenza de obra), estarase ao disposto na norma UNE 123001, que establece os criterios de cálculo, deseño e instalación de chemineas modulares para evacuación de produtos da combustión.

O Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga (sinatura dixital)

VISTAS as denuncias presentadas pola Sra Josefa Martínez Gude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede a **inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

SEGUNDO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos pudieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico,



requerirse ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presente a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza o no se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persona interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

TERCEIRO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarse algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrucción do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrucción, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega



dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

CONCLUSIÓN

Polo anteriormente exposto visto que a emisión da presente non se subsanaron as deficiencias sinaladas polo técnico municipal de medio ambiente e polo que **NON SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ALGUNHA** na referida carpa ao non estaren a documentación completa de acordo ao ordenamento xurídico en vigor.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

(...)
“

NOVENO.- Visto o novo escrito presentado pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), rexistrado de entrada o día 3 de novembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 14.528), mediante o que presenta para adxuntar ao expediente Medición de ruído ambiental efectuado por Galaicontrol así como Memoria descriptiva para instalación de carpa de asinado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín o 3 de novembro de 2020.

DÉCIMO.- Visto o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia ambiental emite informe con sinatura dixital o día 6 de novembro de 2020 e que se transcribe:

“
(...)

INFORME DO SERVIZO TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	
Asunto:	SOLICITUDE DE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA PARA LOCAL DE HOSTALERÍA
Expediente:	2020LIC-000055
Promotor:	LASS DESVÁN COCKTAILS S.L.U. (B70603436)
Localización:	RÚA MANZANARES, NÚM. 27, RIBEIRA
Ref. catastral:	1013601NH0111S0001TE

1. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Documentación obrante no expediente de referencia 2020LIC-000055, incluída a documentación adicional achegada mediante escrito presentado por María Pérez Cañestro (53481506C), en representación de LASS DESVÁN COCKTAILS S.L.U. (B70603436), de data 3 de novembro de 2020 (entrada núm. 14.528).

2. ALCANCE DO INFORME

Redacto o presente informe co obxecto de revisar a posible incidencia ambiental da actividade e, de ser o caso, establecer as condicións de funcionamento para minimizar molestias á veciñanza.



3. ACTIVIDADE A DESENVOLVER

Na documentación técnica presentada en data 18 de setembro de 2020 refírese a instalación dunha terraza de 13 mesas cunha ocupación de 324 m², en terreo de titularidade privada, cuberta cunha carpa desmontable, vinculada a unha actividade de hostalería localizada nas proximidades.

No plano de distribución achegado mediante escrito de data 3 de novembro de 2020 (entrada núm. 14.528), referencia A-03 "PLANTA DE DISTRIBUCIÓN", consta unha terraza de 14 mesas, e instalacións non incluídas inicialmente: escenario, almacén, cociña e grella. Ademais refírese unha zona de público (só mesas e cadeiras), cunha superficie de 197.00 m² (aparentemente adicional á zona da carpa), e localizada dentro da zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre.

4. PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Establece o artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."

Establece o artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"

Mediante escrito de data 3 de novembro de 2020 (entrada núm. 14.528) achegouse ao expediente informe de medición de ruído ambiental emitido pola entidade GALAICONTROL, S.L., laboratorio inscrito no Rexistro do Código Técnico da Edificación e habilitado como LECCE co núm. GAL-I-021, de data 30 de outubro de 2020. A metodoloxía empregada polos técnicos para poder comprobar os niveis emitidos pola actividade consiste na simulación de emisión de música en directo mediante a reprodución de música gravada previamente. Mídense os niveis tanto no interior como no perímetro da parcela, emitindo ruído e sen emitir (medidas de branco). Deste xeito, realizáronse medicións sen emisión de ruído (a modo de branco) de duración quince segundos, en dous puntos do interior da parcela e nas tres fachadas da parcela. Posteriormente, comezouse coa reprodución da música gravada e realizáronse tres medicións de quince segundos de duración en tres puntos do perímetro da parcela e unha medida de quince segundos en dous puntos do interior da parcela.

No informe conclúese o seguinte:

8. CONCLUSIONES

A continuación, se adjunta una tabla resumen de los valores obtenidos:

Punto de medida	Lkeq Dia (dBA) Valores obtenidos	Lkeq Dia (dBA) Valor límite
Punto 1	53,3	< 55
Punto 2	52,2	
Punto 3	53,0	

Los valores obtenidos cumplen con lo exigido en la normativa de aplicación:

- Valores diurnos uso predominante residencial, contemplados en la tabla B1 del Anexo III del RD 1367/2007.

Estos valores son válidos siempre y cuando el local instale un limitador de sonido tarado a un máximo de **60 dBA**.

En Vigo, a 30 de octubre de 2020

Responsable de pruebas de servicio y Acústica
Pedro Arriesto Fernández

El director del laboratorio
Emilio Otero Martínez

CSV: 07E50009AB8900G5G3M5G701F6



As terrazas en xeral, ao non contar con illamento acústico, non deberían dispor de emisores acústicos que, xunto ao ruído ambiental, podan contribuír a superar os valores indicados. Neste caso, preveuse a instalación dunha carpa, se ben o illamento que pode proporcionar ese elemento non resulta significativo no que se refire á evitación de rúidos. Porén, o estudo acústico realizado supedita o exercicio da actividade á instalación dun limitador de son tarado a un máximo de 60 dBA. A representante, María Pérez Cañestro, en representación de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U., presentou unha declaración no sentido de que dispoñen dun equipo de son que se pode distribuír o audio cun nivel de presión sonora non superior a 60 dBA, constante en calquera punto da terraza. Asemade, na saída da mesa de misturas existe un limitador “Behringer MDX 1400 Autocom Pro”. Tanto a música pregravada como a música en directo pasaría por ese limitador, xa que a música (en calquera das dúas variantes) actúa como fío musical, non sendo a actividade principal da terraza a música en vivo nin as sesións de DJ senón a restauración.

Ao respecto do funcionamento da actividade, cómpre incidir nas seguintes condicións, recollidas na normativa aplicable en materia de protección contra a contaminación acústica, e derivadas das medidas correctoras propostas pola promotora para garantir o cumprimento da normativa acústica:

- Os valores límite de inmisión de ruído aplicables á actividade solicitada serán os previstos na táboa B1 do Anexo III do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído:

Tabla B1. Valores límite de inmisión de ruído aplicables a infraestructuras portuarias y a actividades

	Tipo de área acústica	Índices de ruído		
		L _{K,d}	L _{K,e}	L _{K,n}
e	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso sanitario, docente y cultural que requiera una especial protección contra la contaminación acústica.	50	50	40
a	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso residencial.	55	55	45
d	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso terciario distinto del contemplado en c.	60	60	50
c	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso recreativo y de espectáculos.	63	63	53
b	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso industrial.	65	65	55

- De conformidade co previsto no estudo acústico presentado, os niveis de emisión máximos non poderán superar os 60 dBA para garantir o cumprimento dos valores límite de inmisión aplicables a actividades, resultado do ruído xerado polos equipos de música e doutras fontes de ruído asociadas ao desenvolvemento da actividade (público, instalacións...).

- O Concello efectuará as labores de comprobación oportunas e necesarias para garantir o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicables con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas.

5. EMISIÓN DE FUMES POR USO DE GRELLAS EN AMBIENTE EXTERIOR

Na nova documentación técnica examinada recóllese expresamente a instalación dunha grella para a elaboración de alimentos, con xeración de fumes e gases da combustión e de cociñar alimentos. Como medida correctora preveuse a colocación dunha cheminea para a evacuación de produtos da combustión e do proceso de cociñar alimentos. O Arquitecto redactor da memoria técnica, Manuel Peleteiro Bandín, xustifica que a instalación se adecúa ao estipulado na norma UNE 123001 “Cálculo, Deseño e Instalación de Chemineas Modulares”, así como que cumpre co previsto no artigo 97 do PXOM de Ribeira (Toda clase de instalacións, saídas de fumes, chemineas, conducións, desaugues, maquinaria, etc., realizaranse en forma que garantan, tanto á veciñanza como aos viandantes, a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, rúidos, etc. Cumprirán a correspondente Normativa Sectorial.)

Tal e como se advertía no informe anterior emitido polo que subscribe, a instalación de cheminea para a evacuación de produtos da combustión estará suxeita ao trámite administrativo correspondente (comunicación de obra menor / licenza de obra).

6. AUTORIZACIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Para o uso da zona de público (só mesas e cadeiras), cunha superficie de 197.00 m² (aparentemente adicional á zona da carpa), e localizada dentro da zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre, recollida na documentación gráfica achegada mediante escrito de data 3 de novembro de 2020 (entrada núm.



14.528), deberá obtenerse autorización administrativa do organismo competente: Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O presente informe contém a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

O Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga

(...)
“

DÉCIMO PRIMEIRO.- Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia urbanística emite informe con sinatura dixital desfavorable o día 11 de novembro de 2020 e que se transcribe a conclusión do mesmo:

“
(...)

CONCLUSIÓN

Se informa desfavorablemente la solicitud por los siguientes motivos:

Los datos aportados en la solicitud y en la documentación adjunta son contradictorios en cuanto al objeto del procedimiento, ya que por una parte se solicita terraza y por otra se justifica apertura de local

· En todo caso, de tratarse de un nuevo local, se precisa justificación urbanística y proyecto técnico completo.

· De tratarse de una terraza con cerramientos estables deberá corregir lo expuesto en el análisis anterior.

· De tratarse de una terraza con toldo, deberá ajustarse a la ordenanza municipal.

(...)
“

DÉCIMO SEGUNDO.- Visto o novo escrito presentado pola entidade LASS DESVAN COCKTAILS SLU (CIF B70603476), rexistrado de entrada o día 18 de novembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 15.537), mediante o que presenta para adxuntar ao expediente Medición de ruído ambiental efectuado por Galaicontrol así como Memoria descriptiva para instalación de carpa de asinado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín o 16 de novembro de 2020.

DÉCIMO TERCEIRO.- Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia urbanística emite informe con sinatura dixital desfavorable o día 19 de novembro de 2020 e que se transcribe análise e conclusións:

“
(...)

ANALISIS

Según el plano A-03 de distribución los elementos que pretenden instalarse en la parcela son los siguientes:

· Una carpa de 187,50 m2 con mesas, sillas y un escenario de 15 m2

· Una cocina de 13,34 m2 adosada al muro de cierre de parcela y exterior a la carpa.

· Un lavadero de 2,80 m2 adosada al muro de cierre de parcela y exterior a la carpa.

· Dos baños de 1,90 m2 y 3,75 m2 respectivamente adosados al muro de cierre de parcela y exteriores a lacarpa.

· Un almacén de 2,33 m2 adosado al muro de cierre de parcela y exterior a la carpa.



Visto o informe emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 05/02/2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** remitir á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - Servizo de Urbanismo, o citado informe que a continuación se transcribe, así como escritura de propiedade e de disolución de comunidade con Dona Manuela Dios Dios:

“INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITIRO - SERVIZO DE URBANISMO.
REFª: A- 2019 / 101 bfv.

En cumprimento do establecido no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de Marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido polo que se aproban as Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, artigo 173 do **Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 143** da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia así como do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento que desarrolla a mencionada Lei, co obxecto de concluír de xeito regrado ao igual que do acto administrativo de cuxa configuración se trata sobre a legalidade do solicitado así como do cumprimento dos trámites procedimentais establecidos a tal efecto, atendendo á normativa de aplicación vixente á data da emisión do presente informe, salvo que a resolución do procedemento resulte extemporánea en cuxo caso se remitirá á normativa vixente no momento da solicitude do interesado, emítase con carácter preceptivo e non vinculante o presente informe xurídico, de acordo cos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Solicitude de informe, rexistrado de entrada o día 5 de novembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 15.501), da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - Servizo de Urbanismo en relación á solicitude realizada pola Sra. Juana Vilas Pérez para



realizar peche de parcela en zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

SEGUNDO.- Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 4 de decembro de 2019, no que analiza en **sentido desfavorable** á solicitude realizada pola Sra. Dña. Juana Vilas Pérez realizada o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación. No que que conclúe co seguinte tenor literal,

“

(...)

Las actuaciones solicitadas no se ajustan a la normativa de aplicación porque a pesar de que las licencias de obras se otorgan a salvo de derecho de propiedad y sin perjuicio de terceros, la solicitud de construcción de cierre se proyecta sobre parcelas de titularidad municipal que constan en el inventario de bienes municipales como ya se informo por la Junta de Gobierno en información urbanística emitida el 13 de Septiembre de 2009, por lo que se informa desfavorablemente la solicitud de cierre promovido por la Sra. Dña Juana Rivas.

(...)

“

TERCEIRO.- Nova solicitude de informe (Expte A-2019/101), rexistrado de entrada o día 17 de novembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 11.871), da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - Servizo de Urbanismo en relación á solicitude realizada pola Sra. Juana Vilas Pérez para realizar peche de parcela en zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Reitéranse as alegacións contidas no informe emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 4 de decembro de 2019, porque a parcela na que se pretende a construción do peche é de propiedade municipal tal e como se acredita coa escritura otorgada perante o Notario que foi de Ribeira D. Oscar Manuel López Doval en data 15 de maio de 2.002 co número quinientos cuarenta e un do seu protocolo, e ademais as parcelas municipais constan incluídas como tais no inventario de bens municipais, tal como consta aportado no seu momento.

SEGUNDA.- Para aclarar esta situación aportase a escritura indicada, e faise constar, ademais que unha das parcelas, concretamente “CAMPOS DE FERRER” o “AGRO DE FERRER”, tal como lle consta a solicitante, foi adquirida pola “Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño” (que logo lle transmite o Concello) por escritura de disolución de comunidade con Dona Manuela Dios Dios, que era a nai de D. José Sampedro Dios, esposo da solicitante, e de quen, supostamente, adquire a parcela que pretende pechar. Polo tanto o suposto título adquisitivo da solicitante non se axusta a realidade, e incluso, de ser consciente de que esa parcela non lle pertencía o causante podería ser constitutivo duha falsidade documental.

TERCEIRA.- É certo que se tramitou un expediente de recuperación de oficio, que se arquivou por caducidade na súa tramitación, nembargantes, o non ter a solicitante a posesión das fincas de titularidade municipal, e gozar o Concello da “ficta Possessio” non se considerou necesario acudir a outro procedemento.

En todo caso, este Concello considera que non procede a concesión da licenza solicitada porque, pese o carácter regrado da mesma, a excepción encóntrase da defensa dos bens municipais, sin perjuicio de que a parte solicitante poda acudir os tribunais a reclamar, en vía civil, a propiedade dos terreos, si así o considera oportuno.



Informe que se emite, a salvo de calquera outro mellor fundado en Dereito, en Ribeira, na data da súa sinatura dixital.

O Secretario xeral
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle”

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o **informe** presentado pola Policía local, de data 04/02/2021, relativo ao exceso de metros (10,00 m) de liña amarela no acceso ao vao permanente con nº de licenza 13/10, situado na Rúa Cordieiro (Ribeira), dos que ten autorizados tan só 3,00 m., e dos que sería suficiente un 6,00 m. para facilitar a entrada e saída de vehiculos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que se proceda á eliminación do exceso de metros de liña amarela no acceso ao vao permanente con nº de licenza 13/10, situado na Rúa Cordieiro (Ribeira), debendo quedar reducida a un máximo de 6,00 m.

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

1.- Visto o escrito presentado pola Directora do Programa de Emprego “O Pote II”, de data 08/02/2021, no que solicita a aprobación do calendario laboral do Programa de Emprego “O Pote II” a favor de José Francisco Movilla Blanco, coa particularidade de recoñecerlle a maiores os días 11/01/2021 e 12/02/2021, ao corresponderlle un total de 19 días.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar o calendario laboral do Programa de Emprego “O Pote II” a favor de José Francisco Movilla Blanco, coa particularidade de recoñecerlle a maiores os días 11/01/2021 e 12/02/2021, ao corresponderlle un total de 19 días, según consta no citado escrito.

2.- Visto o **informe** presentado pola Policía Local, de data 09/02/2021, relativo á regulación de tráfico no Colexio Leliadoura de Frións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo** según o sinalado no citado informe policial:

- a) Non autorizar o relativo á primeira cuestión, debido á configuración do terreno, os autobuses entran pola parte Sur desde o CEIP plurilingüe de Frións, estacionan no carril esquerdo para que as portas de acceso queden o máis próximo á saída das portas do colexio para, posteriormente, saír polo cruce orientado cara o Norte, a posibilidade de invertir a manobra sería moi dificultosa ou casi imposible aos autobuses que, como consecuencia do desnivel do terreo, a parte traseira do autobús sufriría dans.
- b) Autorizar a regulación da rúa nun sentido de circulación **mediante un sinal de entrada prohibida**, quedando unha zona de entrada e outra de saída, de xeito tal que os vehículos circulasen no mesmo sentido.
- c) Autorizar a colocación dun sinal vertical de parada de **autobuses (S-19)**, para a reserva do estacionamento, así como reubicar un sinal de límite de velocidade de **30 km/h por zona escolar, ao cambiar o sentido de circulación**

COMUNICACIÓN PERSOAS AGRACIADAS COS TRES PREMIOS DE VALES DE COMPRA DO SORTEO DA LOTERÍA NACIONAL DO NENO.

Visto o informe da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 09/02/2021, no que comunica as persoas agraciadas cos tres premios 120,00 € de vales de compra do sorteo da Lotería Nacional do Neno.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada da concesión dos tres premios en vales de compra segundo o sorteo da Lotería Nacional do Neno, segundo o importe indicado aos tres gañadores, e segundo o contido da citada proposta.



SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

1.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro**, de data 27/01/2021, en relación á convocatoria establecida no extracto da resolución nº 2021/1432 do 14 de xaneiro de 2021 (BOP nº15 do 25 de xaneiro de 2021) e da aprobación das bases do programa (BOP nº 10, venres 18 de xaneiro de 2021): *“Bases do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o exercicio 2021”*, da Deputación Provincial da Coruña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a axuda para o financiamento da Sala-museo municipal de Ribeira acolléndose ao programa de “subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2021” – **Centro de Interpretación de San Roque**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

2.- Vista a proposta presentada polo **Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas**, de data 04/02/2021, en relación á convocatoria por parte da Deputación Provincial da Coruña do **programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021 (FO106/2021)**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda por 15.000 euros, co obxecto "**Mantemento contratación técnico deportivo 2021**".
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir antes do 31 de maio de 2022 ás 14.00 horas a memoria xustificativa da realización das actividades, e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA, PARA O ESTABLECIMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA UTILIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBEIRA

VISTA a proposta de Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación de bonificacións para as persoas usuarias do transporte colectivo nos servizos que se presten dentro do concello de Ribeira

VISTOS os informes de Secretaría e Intervención de data 2 de febreiro de 2021 obrantes no expediente.

VISTA a normativa aplicable, nomeadamente a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o REAL DECRETO 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, o REAL DECRETO 128/18 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional

VISTA a proposta da Alcaldía, relativa á aprobación do texto descrito, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e debate sobre o expediente da súa razón, **adopta acordo favorable** sobre o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar o texto do Convenio descrito entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación de bonificacións para as persoas usuarias do transporte colectivo nos servizos que se presten dentro do concello de Ribeira

SEGUNDO. Notificar e emprazar ás entidades *interesadas*, aos efectos de que se asine o Convenio arriba referenciado.

TERCEIRO:- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo

ACORDO EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DOS ANTECEDENTES DA ORDE DE EXECUCIÓN 2/17 E A POSTERIOR DEMOLICIÓN - EMILIO JOSÉ DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0718005NH0101N0001LF.

SITUACIÓN: Rúa Alexandre Bóveda nº 7, Riveira.

VISTO que se solicita polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, (DNI 52.936.269-K), en escrito rexistrado de entrada o día 3 de febreiro de 2021, (Rexistro de entrada nº 1.543), informe xurídico dos antecedentes da finca con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF sita na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira, antes e despois do cambio de titularidade, (compravenda de da finca)

VISTO o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En relación ao edificio que se situaba na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, consta informe emitido polo inspector xefe accidental da policía local de Ribeira, **Sr. José Manuel Bretal Laranga asinado o día 4 de febreiro de 2021** co seguinte tenor literal.

“
(...)

Dicho inmueble se trataba de un edificio de viviendas antiguo, con las fachadas de piedra y la estructura interior de madera. Estaba sin habitar, en estado de abandono, en ruinas, desde hacía mucho tiempo, hasta que resultó totalmente destruido en el incendio que tuvo lugar el 06.04.2017.

En los últimos años previos a ese siniestro incendiario, el tejado y gran parte de la estructura y suelos de madera se encontraban derruidos, por lo que era manifiesto el riesgo físico que corría quién osase entrar en el interior, o más aún quién quisiera establecerse como “okupa”, aparte del grave problema de insalubridad.

Precisamente, por causa de estas “ocupaciones” por parte de personas indigentes, dieron lugar a numerosas intervenciones policiales para desalojarlos ante el evidente peligro que corría, debido al estado ruinoso descrito.



(...)
“

SEGUNDO.- O día 6 de abril de 2017 na edificación descrita sita na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, aconteceu un incendio que provocou danos importantes na referida edificación.

TERCEIRO.- Como consecuencia do anterior o Concello de ribeira, tras instruír o correspondente procedemento, e visto o informe técnico emitido o arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño por decreto de alcaldía de día 5 de xuño de 2017, incoábase expediente de orde de execución á Sra. Josefa González Lustres na súa condición de titular da edificación sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, con fin de que coa máxima urxencia restituía as condicións de seguridade, salubridade, e ornato público do referido muro.

CUARTO.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. Josefa González Lustres na data 10 de outubro de 2017 e á Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez na data 17 de xuño de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio da orde de execución, emprazouse ás interesadas para o trámite de audiencia.

QUINTO.- Notificado este emprazamento á Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez presenta en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.235), alegacións solicitando a inclusión de realización de obras sinalados polo périto da compañía aseguradora Plus Ultra.

SEXTO.- En relación a dita alegación da Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez, o arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño emite novo informe técnico desfavorable o día 17 de novembro de 2017 ás alegacións presentadas pola Sra. María Elena Novo Vidal por considerar as mesmas como desmesuradas e excesivas, co seguinte tenor literal:

“

(...)

ASUNTO: INFORME SOBRE A ALEGACIÓN PRESENTADA NO EXPEDIENTE DE ORDEN DE EXECUCIÓN (EXPEDIENTE: OES 2/2017).

PROPIEDAD: JOSEFA MARÍA GONZALEZ LUSTRES.

INTERESADA: MARIA ELENA NOVO VIDAL (ALEGANTE).

ANTECEDENTES:

1.- Con data de 5 de xuño de 2017 e mediante Decreto de Alcaldía iníciase expediente de orden de execución de obras por motivo de seguridade, salubridade e ornato público (OES 2/2017), e a partires do informe deste técnico municipal de data de 25.04.2017. Dase traslado do inicio do expediente e a petición desta e en calidade de interesada, a dona Elena Novo Vidal.

2.- Dona Elena Novo Vidal, en calidade de interesada e representante da propiedade colindante á edificación obxecto do citado expediente disciplinario, presenta alegación con data de 14.07.2017 (n.r.e.: 12235), e na que se solicita se adopten as medidas formuladas no informe do perito da súa compañía aseguradora.



FIRMANTE - FECHA



3.- Que unha vez estudado o contido de dita alegación, teño a ben de concluír o seguinte:

a.- As obras descritas no meu informe de data de 25.02.2014 teñen como finalidade definir as obras de carácter provisional, e de cara a garantir as condicións mínimas esixibles de seguridade, así como garantir as condicións mínimas de salubridade e ornato público. Non teñen aquí cabida outro tipo de intervencións que puideran derivar de relacións entre propiedades e concernentes ao ámbito privativo ou civil. Polo que entendo que as obras aquí descritas, e a asumir pola propiedade, son as precisas e necesarias de cara a responder ao obxecto da presente orden de execución, polo que reafirmo con contido do citado informe, e querendo facer fincapé no exposto no seu apartado 4, e que a continuación se reproduce:

“... ”

4.- OBRAS e TAREFAS A REALIZAR. PRAZO ESTIMADO E IMPORTE DAS.

a.- No presente caso urxe evitar que o deterioro da actual edificación que da fronte á rúa Alexandre bóveda, e se siga deteriorando, ou canto menos o deterioro da mesma veña ameazando a saúde pública dos viandantes, e mesmo dos vehículos que ocasionalmente se poidan ver afectados. Aos efectos propónse por parte deste técnico realizar as seguintes obras, a saber:

1.- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.

2.- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).

3.- Retirada dos “cascallos” e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias meteorolóxicas.

4.- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (occos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).

5.- Tapiado dos occos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.

6.- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda). Acompañamos a modo de exemplo imaxe de solución estrutural de estabilización de muros libres, como consecuencia do vaciado interior do edificio, como no caso que nos ocupa.”

CONCLUSION:

A tenor do ata aquí exposto, propónse non aceptar, na súa integridade, a alegación formulada pola interesada.

En Ribeira, a 17 de novembro de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Funqueiriño. Arquitecto municipal.

(...)

“

SÉTIMO.- Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de novembro de 2017 por unanimidade dos presentes acorda a resolución da orde de execución OE 2/17 acordando, co seguinte tenor literal:

“



(...)

ORDENAR á Sra. Josefa González Lustres na súa condición de titular da edificación sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, **A RESTITUCIÓN DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO**, para o que deberá executar a:

- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.
- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).
- Retirada dos “cascallos” e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias metereolóxicas.
- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (occos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).
- Tapiado dos occos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.
- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda).

(...)

“

OITAVO.- A notificación do citado acordo da Xunta de Goberno Local practicouse á Sra. Josefa González Lustres o día 13 de setembro de 2018 e á Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez o día 18 de decembro de 2017.

NOVENO.- A Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez presenta en escrito rexistrado de entrada o día 18 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 738), Recurso de Reposición ante o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de día 23 de novembro de 2017.

DÉCIMOPRIMEIRO.- En relación ao Recurso de Reposición presentado pola Sra. María Elena Novo Vidal o arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico o día 3 de agosto de 2018 desfavorable ao recurso de reposición presentado pola Sra. María Elena Novo Vidal por considerar ás pretensións expostas no mesmo non axustadas a dereito, desmesuradas e excesivas, co seguinte tenor literal:

“

(...)



ASUNTO: INFORME SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO ANTE O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DE 23.11.2017, E QUE COCERNE AO EXPEDIENTE DE ORDEN DE EXECUCIÓN (EXPEDIENTE: OES 2/2017).

INTERESADA: MARIA ELENA NOVO VIDAL.

ANTECEDENTES:

1.- Con data de 5 de xuño de 2017 e mediante Decreto de Alcaldía iníciase expediente de orden de execución de obras por motivo de seguridade, salubridade e ornato público (OES 2/2017), e a partires do informe deste técnico municipal de data de 25.04.2017. Dase traslado do inicio do expediente e a petición desta e en calidade de interesada, a dona Elena Novo Vidal.

2.- Dona Elena Novo Vidal, en calidade de interesada e representante da propiedade colindante á edificación obxecto do citado expediente disciplinario, presenta alegación con data de 14.07.2017 (n.r.e.: 12235), e na que se solicita se adopten as medidas formuladas no informe do perito da súa compañía aseguradora.

3.- Xa con data de 17 de novembro de 2017 este arquitecto municipal emite informe ante alegación presentada pola interesada. Posteriormente, e con data de 18 de xaneiro de 2018 presentase RECURSO DE REPOSICIÓN.

4.- Que unha vez estudado o contido do recurso de reposición, teño a ben de concluír o seguinte, manténdome no xa manifestado no anterior informe de data de 17.11.2018, e a saber::

a.- As obras descritas no meu informe de data de 25.02.2014 teñen como finalidade definir as obras de carácter provisional, e de cara a garantir as condicións mínimas esixibles de seguridade, así como garantir as condicións mínimas de salubridade e ornato público. Non teñen aquí cabida outro tipo de intervencións que puideran derivar de relacións entre propiedades e concernentes ao ámbito privativo ou civil. Polo que entendo que as obras aquí descritas, e a asumir pola propiedade, son as precisas e necesarias de cara a responder ao obxecto da presente orden de execución, polo que reafirmo con contido do citado informe, e querendo facer fincapé no exposto no seu apartado 4, e que a continuación se reproduce:

“....

4.- OBRAS e TAREFAS A REALIZAR. PRAZO ESTIMADO E IMPORTE DAS.

a.- No presente caso urxe evitar que o deterioro da actual edificación que da fronte á rúa Alexandre bóveda, e se siga deteriorando, ou canto menos o deterioro da mesma veña ameazando a saúde pública dos viandantes, e mesmo dos vehículos que ocasionalmente se poidan ver afectados. Aos efectos propónse por parte deste técnico realizar as seguintes obras, a saber:

1.- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.

2.- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).

3.- Retirada dos “cascallos” e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias metereolóxicas.

4.- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (occos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).

5.- Tapiado dos occos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 22/02/2021
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/02/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/02/2021 14:32:48



6.- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda). Acompañamos a modo de exemplo imaxe de solución estrutural de estabilización de muros libres, como consecuencia do vaciado interior do edificio, como no caso que nos ocupa.”

CONCLUSION:

A tenor do ata aquí exposto, propónse non aceptar, na súa integridade, o contido do recurso de reposición presentado por dona Elena Novo Vidal ante a acordo de XGL de data de 23.11.2017.

En Riveira, a 3 de agosto de 2018.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño. Arquitecto municipal.

(...)
”

DÉCIMO SEGUNDO.- Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de agosto de 2018 por unanimidade dos presentes acorda a resolución do recurso de reposición presentado fronte o acordo da Xunta de Goberno Local de día 23 de novembro de 2017 que acordaba a resolución da orde de execución OE 2/17 acordando desestimar o citado recurso de reposición, co seguinte tenor literal:

“
(...)

Desestimar o recurso de reposición presentado pola María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez ante o acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2017, en base as motivacións contidas e especificadas no **informe técnico** emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 3 de agosto de 2018.

Ratificar a orde á Sra. Josefa González Lustres na súa condición de titular da edificación sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, **DE RESTITUCIÓN DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO**, para o que deberá executar a:

- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.
- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).
- Retirada dos “cascallos” e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias metereolóxicas.
- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (occos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).



- *Tapiado dos ocos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.*
- *Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda).*

(...)
“

DÉCIMO TERCEIRO.- A notificación do citado acordo da Xunta de Goberno Local practicouse á Sra. Josefa González Lustres como propietaria da edificación, o día 14 de decembro de 2018.

DÉCIMO CUARTO.- Consta nas dependencias municipais a escritura de compravenda da finca sita na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, sendo a vendedora a Sra. Josefa González Lustres e o comprador o Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, autorizada pola notario Sra. Lucía pol Domínguez co protocolo nº 293 de día 22 de abril de 2019.

DÉCIMO QUINTO.- Con posterioridade a dita compravenda da finca, e para prestar conformidade ao disposto na orde de execución da resolución da Xunta de Goberno Local de sesión celebrada o día 23 de novembro de 2017 e ratificada posteriormente no acordo da Xunta de Goberno Local de día 30 de agosto de 2018 na resolución desestimatorio do recurso de reposición presentado pola Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez, o Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez como novo titular da finca sita na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, presenta en escrito rexistro rexistrado de entrada o día 29 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.524), Proxecto de demolición de vivenda unifamiliar.

DÉCIMO SEXTO.- O Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez en escrito rexistro rexistrado de entrada o día 12 de setembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 12.827), presenta Oficio de Dirección de Obra visado polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 12 de setembro de 2019 para proceder a executar a demolición en base ao proxecto presentado.

DÉCIMO SÉTIMO.- O arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos emite informe desfavorable o día 27 de setembro de 2019 ao proxecto de demolición presentado solicitando documentación complementaria.

DÉCIMO OITAVO.- Como consecuencia do anterior, o Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez en escrito rexistro rexistrado de entrada o día 30 de setembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 13.699), presenta a documentación requerida polo técnico municipal.

DÉCIMO NOVENO.- Por último o arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos emite informe favorable día 2 de outubro de 2019 a nova documentación presentada respecto á demolición solicitada polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, no que conclúe co seguinte tenor literal:



“
(...)

La obra solicitada no es un acto sujeto a licencia por tratarse de una demolición derivada del citado expediente de restauración de la legalidad urbanística [artículo 142.2.c) de la LSG y Artículo 351 del Decreto 143/2006 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia].

No obstante, se estudia la adecuación a la normativa urbanística de la solicitud presentada y se informa favorablemente.

(...)
“

VISTO o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/02/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** emitir as seguintes **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRA.- Dos antecedentes expostos, dedúcese que a vivenda orixinaria que se encontraba na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, estaba en absoluto estado de abandono antes do incendio acotencido o día 6 de abril de 2017, pola que era nese momento a súa propietaria Sra. Josefa González Lustres e que fora requerida en varias ocasións pola policía local de Ribeira para que adoptara medidas que asegurasen a seguridade, salubridade e ornato público, xa que eran común como describe o inspector xefe accidental da policía local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga en informe asinado o día 4 de febreiro de 2021 “...ocupaciones por parte de personas indigentes, dieron lugar a numerosas intervenciones policiales para desalojarlos ante el evidente peligro que corría, debido al estado ruinoso descrito...”.

SEGUNDA.- Tras a compravenda da finca sita na rúa Alexandre Bóveda nº 7 en Ribeira en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, autorizada pola notario Sra. Lucía pol Domínguez co protocolo nº 293 de día 22 de abril de 2019, o Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez presenta en escrito rexistro rexistrado de entrada o día 29 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.524), no Concello de Ribeira o Proxecto de demolición de vivenda unifamiliar.

TERCEIRO.- Tras os requerimentos efectuados polo arquitecto municipal Sr. Jesús García Ramos, dita demolición non se podía efectuar por non estar autorizada polo Concello ata o día 2 de outubro de 2019, data da emisión do informe favorable á execución da demolición polo mencionado técnico municipal.

APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2021 ONLINE DE DESEÑO DE MÁSCARAS/CARETAS.

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/02/2021, no que solicita a aprobación das bases do Concurso de entroido 2021 online de deseño de máscaras/caretas, co motivo da programación do Entroido 2021. Bases que teñen por obxecto establecer os criterios e a mecánica de participación no concurso no que se sortearán entre todos os participantes un



total de 6 premios valorados en 50€ cada un e consistentes en vales de compra en xoguetes para emplear no comercio local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases do Concurso de entroido 2021 online de deseño de máscaras/caretas, co motivo da programación do Entroido 2021, co motivo da programación do Entroido 2021, según o contido da citada proposta.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 05/02/2021, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira presentada por XXXXXXXXXXXXX (Registro de entrada nº 1.066, de data 26/01/2021).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 01/02/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXXXXXXXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **668,17 €**, para sufragar os gastos derivados de débeda dun recibo do aluguer de vivenda (510,00 €), e dun recibo de subministro de auga (59,91 €) e débeda de electricidade (98,26 €).

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta e oito minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

